

## Programación



12.00-14.00 PROVINCIA  
Emission para Lugo, Sarria, Vilalba,  
Monforte, Viveiro, Ribadeo y Chantada.

## Sober celebrará la primera Floralia

Frecuencias: 105,6 (Lugo); 98,2 (Sarria); 103 (Vilalba); 87,8 (Monforte); 88,5 (Viveiro); 102,3 (Ribadeo); y 90,4 (Chantada). Radio Voz emite el programa provincial Voces de Lugo, entre las 12.00 y las 14.00 horas, conducido por la periodista Raquel González, que ofrecerá un repaso por la actualidad de la provincia. Nos desplazaremos hasta Sober para conversar con su alcalde, Luis Fernández Guitián, que acaba de presentar un nuevo evento en Proendos, que acogerá su primera Floralia con recreaciones romanas, talleres y visitas al yacimiento arqueológico, uno de los más singulares de Galicia. Por su parte, María Arias, escritora e ilustradora, llega con su propuesta de ruta para el fin de semana en la sección GuíaTx Lugo, que nos descubre rincones de la provincia. Además, buscaremos el análisis de la Plataforma Ulloa Viva de las últimas noticias sobre el anuncio de Altrí de no renunciar a instalarse en Pallas de Rei tras presentar, justo al final del plazo, recurso y nuevo proyecto de cogeneración eléctrica. Y los oyentes podrán participar en el concurso que patrocina el área de Participación: deben llamar al 982 251 005 a partir de las 12.50 y entrar en el sorteo de un lote de productos gourmet.

## VII Curso de Formación sobre o Patrimonio Lúdico Manifestacións culturais xenuínas

## Muimenta, capital do xogo tradicional: «Xogar é unha necesidade vital do ser humano»

Medio cento de afeccionados e profesionais afondaron na posta en valor dos xogos de sempre e o seu labor de inclusión e sustentabilidade

LAURA LÓPEZ

Muimenta segue afianzándose como capital do xogo tradicional galego. A vila chairega acolleu este mes o VII Curso de Formación sobre o Patrimonio Lúdico, con medio cento de profesionais e afeccionados chegados desde distintos puntos da Península para afondar na posta en valor dos xogos de sempre e no seu labor de sustentabilidade e inclusión. A organización correu a cargo de Patrimonio Lúdico Galego, Nova Escola Galega, Xotramu (Muimenta), O recuncho das Argalladas (Lourenzá) e Escuela de Verano de Juegos Tradicionales Iberia Ludens.

Falar dos xogos tradicionais é esencial para manter vivo o patrimonio cultural dunha sociedade. Explica Paco Veiga, membro da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, con sede en Melide: «Xogar é unha necesidade vital do ser humano e en Galicia temos un dos catálogos lúdicos máis ricos da Península».

E por que motivo hai tanta riqueza lúdica en Galicia? «Aínda queda moito por investigar ao respecto», advirte Veiga. O que está claro é que todos os grupos sociais crearon xogos, «mesmo os animais que teñen garantida



Exemplos dalgúns dos xogos tradicionais do encontro de Muimenta.

a súa supervivencia tamén xogan. Nos humanos, mentres que os nenos e as nenas xogan por xogar, os adultos necesitan un compoñente de competición, pero seguen xogando tamén, porque é unha necesidade vital do ser humano», continúa.

No caso concreto de Galicia, o catálogo de xogotradicionais.gal ten contabilizados 112 tipos de xogos, e agardan chegar en breve aos 150, xa que o pobo galego foi quen de crear infinidade de maneiras de dar resposta ás súas necesidades lúdicas, ao tempo que tivo a capacidade de transmitir esas creacións ás novas xeracións. Conta Veiga que na Península ibérica hai algún investigador que afirma que, canto máis ao norte, máis xogos hai: «Ningún estudou iso, nin se sabe ese é rigorosamente certo, pero algo debe de haber. O que está claro é que Galicia está no norte e Galicia ten un catálogo lúdico moi rico», sentenza.

## Intercambio de saberes

En calquera caso, o balance deste curso que se celebrou en Muimenta foi, a nivel de contidos, «extraordinario», porque «houbou un intercambio

de saberes e de experiencias moi diferentes. Aínda que en Galicia estamos un pouco orfos de oportunidades para falar deste elemento do noso patrimonio. De feito, este era o sétimo curso, pero o sexto celebrábase no 2015», sinala. De aí a importancia deste tipo de iniciativas. Ademais, contaron con profesionais e afeccionados cataláns e aragoneses, porque esta era a segunda edición da Escola de Verán de Xogos Tradicionais «Iberia Ludens», tralo encontro en Aranda del Duero, e está concebida como un intercambio de experiencias entre diferentes zonas da Península.

O escenario elixido para este novo encontro sobre patrimonio lúdico foi Muimenta, unha das capitais de Galicia dos xogos tradicionais, xunto a Melide, Ponteceso ou Lourenzá. Pero, que ten de particular Muimenta? «Muimenta conta cunha das entidades con máis folgos de Galicia, que é Xotramu. Pero, ademais, con todo a non ser capital de concello, ten a infraestrutura necesaria para un evento destas características: casa da cultura, recinto feiral, zona musealizada... e utilizamos todos os espazos.



Parte dos participantes no encontro de patrimonio lúdico.



Asistentes ao curso de Muimenta, probando con varios dos xogos tradicionais presentes no encontro que se celebrou este mes.

Ademais de dispoñer dunha boa infraestrutura hostaleira, continúa Paco Veiga.

## Xogos peculiares

En canto ás particularidades dos xogos de Galicia, os expertos falan dunha mestura de compoñentes universais e diferenzadores: «Hai unha frase que dicimos moito os que nos dedicamos a isto, que é que en case todas partes se xoga a case todo, porque os xogos son universais. Por exemplo, a billarda, que se xoga en todo o mundo, en todas partes onde haxa dous paus. O que fai diferentes aos xogos tradicionais é que se adaptan ao medio e ás necesidades da contorna e do grupo social, e tamén á súa climatoloxía», relata Veiga. De aí que se fale de patrimonio lúdico galego, «porque nós creamos os nosos xogos, ou adaptámoslos doutras partes; non sucede como nos deportes de masas, que teñen todos as mesmas regras».

Para este investigador dos xogos tradicionais, «o patrimonio lúdico é unha das manifestacións culturais máis xenuínas, xunto coa música, coa literatura, coa arte... porque prende nas xeracións máis novas e a inculcación prodúcese a través do xogo tradicional, porque traen o que somos desde a noite dos tempos».

De toda esta labor de divulgación e recollida encárganse tamén desde o Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego, formado por preto dunha vintena de entidades. Entre as demandas que realiza este colectivo está a de crear un plan autonómico para a posta en valor e a recuperación dos xogos tradicionais: «Necesitaríase, por exemplo, que este asunto se metese nas escolas, que os parques infantís contemplen os xogos tradicionais... e iso son cousas que solo a Administración pode asumir».

## Oferta de ocio para hoy

## Conciertos, poesía y cuentacuentos

## LUGO

• **Cuentacuentos.** Actúa Música Miúda, con *Cambia o conto*, a las 18.00 en el MIHL.

• **Arte.** Instalación escénica musealizada «Sempre vivas», de Colectiva Crea, a las 19.00 en el Museo Provincial.

• **Música clásica.** Sigue el Festival de Música Cidade de Lugo, con Amatis Trío, de Salzburgo: la alemana Lea Clara Hausmann al violín; el británico Samuel Shepherd al cello; y el holandés Mengjie Han al piano, con *Cancións sen palabras*, de Schubert y Mendelssohn, a las 20.30 en el Círculo. Entrada gratís.




Amatis Trío actúa en el Círculo de las Artes, dentro del Festival de Música Cidade de Lugo. MARCO BORGREVE

• **Rock y blues.** Jam Session de Fábrica de Sons, a las 21.30 en el Club Clavicémbalo, con entrada libre.

• **Poesía de Darío Xohán Cabana.** Presentación del libro

*Semente de mencer. Obra poética I. Volumes editados 1970-2006* (Alvarellos Editoría), de Darío Xohán Cabana, con edición de Anxo Angueira. Será a las 20.00 na Casa da Cultura.

## Vida social



**Romería en Guitiriz.** La Romería de San Alberte, celebrada el pasado domingo en Guitiriz, sirvió para demostrar que la recuperación de la fiesta, asumida hace años por la Asociación Cultural Xermolos con el apoyo de otras entidades, es toda una realidad. Hubo actos religiosos (en la imagen, la procesión), actuaciones musicales y demostraciones de artesanía en uno de los parajes más atractivos de la comarca chairega. FOTO SUSO PENA